ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES POETA DÍAZ CASTRO DE GUITIRIZ
CURSO: 1ºESO
MATERIA: LINGUA E LITERATURA GALEGA
DEPARTAMENTO: LINGUA E LITERATURA GALEGA
DATA: 6/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.
Clasificar palabras polo número de sílabas e pola posición da sílaba tónica, e diferenciar entre ditongos e hiatos.	5.1. Clasifica as palabras polo número de sílabas. 5.2 Distingue sílabas tónicas e átonas. 5.3. Identifica e analiza ditongos e hiatos.
Recoñecer e analizar os elementos do xénero narrativo: narrador e personaxes.	6.1. Analiza nun texto narrativo algúns dos seus elementos básicos: narrador e personaxes.
Valorar a riqueza das linguas.	2.1. Valora a riqueza das linguas.
Coñecer o alfabeto	5.1. Coñece o alfabeto galego e identifica os dígrafos.
Diferenciar textos segundo o seu ámbito de uso.	7.1. Distingue diversos tipos de textos, segundo a situación en que se usen. 7.2. Escribe textos de carácter persoal.
Coñecer e aplicar as regras xerais de acentuación. Coñecer e aplicar regras especiais de acentuación.	5.1. Aplica correctamente na práctica as regras xerais de acentuación. 5.1. Coñece e aplica correctamente regras específicas de acentuación.
Coñecer e aplicar as regras de uso de *b* e *v.*	5.1. Aplica correctamente na práctica as regras de uso de *b* e *v.*
Aplicar correctamente *s* ou *x* nas palabras que comezan por *es-* e *ex-.*	5.1. Aplica correctamente *s* ou *x* nas palabras que comezan por *es-* e *ex-.*
Escribir textos expositivos.	7.1. Crea textos expositivos a partir dunhas pautas dadas.
Recoñecer a utilidade do galego.	2.1. Entende a utilidade do galego para comunicarnos entre nós e con xente doutros lugares.
Identificar e distinguir palabras con e sen *h*.	5.1. Escribe correctamente palabras con e sen *h*.
Coñecer e aplicar as regras que rexen o uso das maiúsculas.	5.1. Coñece e aplica correctamente as regras que rexen o uso das maiúsculas.
Coñecer as regras de uso do punto. Diferenciar a función da coma e do punto e coma. Coñecer as regras de.uso dos dous puntos, dos puntos suspensivos e dos signos de interrogación e de admiración.	5.1. Coñece e aplica correctamente as regras de uso do punto. 5.1. Aplica correctamente a coma e o punto e coma en diversos textos. 5.1. Coñece e aplica correctamente as regras de uso dos dous puntos, dos puntos suspensivos e dos signos de interrogación e de admiración.
Recoñecer a responsabilidade dos falantes no futuro da lingua	2.1. Reflexiona sobre o futuro do galego e é consciente da importancia de usalo nos diferentes ámbitos da vida cotiá.

LGB3.1.1 Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación	Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación
LGB3.2.1	Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega
LGB2.7Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función	Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.
LGLB5.1.1 Lectura de obras literarias	Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.
LGB2.9.1Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros	Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas	Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
LGB2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións.	Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas. Produce textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos
. LGB1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.	Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía
LGB2.2Comprender, interpretar e sintetizar textos propios da vida educativa	Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.

	Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía
LGB2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.	Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto
LGB2.2.1 Comprender, interpretar e sintetizar o contido de textos propios da vida cotiá	Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso
LGB1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.
. B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación.comunicativa Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: A 3ª avaliación non poderá ser cualificada como estaba previsto pero si se terá en conta na nota final en positivo a aqueles alumnos que participan nas videoconferencias e fan as tarefas que se lles encomendan. Subiráselles a nota en función dos resultados das tarefas, o esmero que poñan na súa realización e o avance e aprendizaxe que demostren. Terase tamén en conta que as entreguen nos prazos previstos. Os alumnos que non tiñan adquiridas as competencias imprescindibles nin na 1ª nin na 2ª avaliación, terán de novo a oportunidade de as conseguir, mediante as actividades que se propoñen agora na terceira. e que están encamiñadas á consecución das mesmas (videoconferencias, tarefas...). Teránselle en conta e, a maiores, faráselles unha proba oral e escrita por vía telemática, se non puider ser presencial.
	Instrumentos: Aviso das tarefas que teñen que facer e das probas de recuperación através de edixgal ou correo electrónico. Entregarán tarefas e probas escritas através do correo electrónico ou drive. Farán probas orais através de hangouts, que tamén servirá para controlar as probas escritas. As probas, tanto escritas coma orais, faranas só os alumnos que estaban suspensos. Son probas de recuperación. Se a situación cambiase e volvesen ás aulas, as probas de recuperación faríanse presenciais.
Cualificación final	Indícase o procedemento para obter a cualificación final de curso: Farase a media entre a 1ª e 2ª avaliación. Como é avaliación continua, caso de non chegar a un 5 a media, terase en conta especialmente a nota da 2ª avaliación, se esta estivese aprobada, o alumno aproba a materia. Se non chega ó aprobado, faránselle probas (orais e escritas sobre o dado nas avaliacións presenciais) para darlle a oportunidade de recuperar. Se o alumno non colabora e non se presenta a estas probas ou o resultado é deficiente, suspende a materia e a súa nota será a media da 1ª e 2ª avaliación. Se o alumno participa nas videoconferencias e entrega as tarefas que se lle piden, isto teráselle en conta na nota final podendo subirlle a nota ata un máximo de dous puntos por encima da media da 1ª e 2ª avaliación, dependendo da súa participación, da calidade das tarefas e se están entregadas en prazo.
Proba extraordinaria de setembro	Farase unha proba, como estaba previsto na programación de principìo de curso: exame escrito de recuperación pero será só da 1ª e 2ª avaliación.

Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Neste curso non hai alumnos pendentes, polo que este apartado non procede
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Propuxéronse actividades esencialmente de repaso e reforzo para que os alumnos poidan conseguir ou reforzar os obxectivos propostos nas dúas avaliacións anteriores. Tamén se complementou algún aspecto necesario. As actividades propostas son: completar exercicios do caderno de ortografía de Anaya , tarefas no libro electrónico de aulaplaneta, lectura dunha novela, tarefas (redacción, diario...) e participación nun proxecto interdisciplinar no mes de maio.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A dirección deste centro preocupouse de que todo o alumnado tivese conectividade . Se alguén non tivese só podería recuperar se se puidesen facer probas presenciais de recuperación. Aviso das tarefas que teñen que facer através de Edixgal Entregarán tarefas escritas através do correo electrónico. A profesora devólvellelas corrixidas e explicados os erros. Tamén serve para comunicar calquera dúbida, é dicir, actúa como canle de comunicación profesor-alumno. Isto tamén se pode facer por Edixgal. Danse clases por videoconferencia a través de hangouts no seu horario habitual.
Materiais e recursos	Caderno de ortografía da editorial Anaya. libro electrónico da editorialplaneta, libros de lectura, textos e fotocopias e internet.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través do titor, dirección, orientación, ademais de mensaxería de Edixgal, de email e de hangouts.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.